

O regreso estacional

Cada ano, cando chega a primavera en Galiza e aquí, en Flandes, non dá chegado, penso no devalo cíclico das estacións, nos ritmos da natureza e no que a aquí me trouxo hai case tres décadas nas que vivo afastado do meu particular nicho ecolóxico, a miña zona de conforto se así o prefiren. Cada vez que cavilo niso, coído en pensar que alguén tomou a decisión por min e que non fun eu propio o que decidíu partir.

O regreso estacional de varias especies de aves migratorias (tamén de peixes e bolboretas, por ampliar o abano de exemplos máis alá dun taxon determinado) demostrou que logo dunha migración de miles de quilómetros, os individuos regresan á mesma zona de onde partiran na súa migración contraria (nalgúns casos extremos á mesma árbore, a idéntico niño ou á mesma volta do río).

Facendo unha extrapolación algo arriscada, que pouco ten a ver coa ciencia, deixen que teña a ousadía de introducir o concepto de “saudade biolóxica”, un sentimento que non é necesariamente propio da estirpe galego-portuguesa como sostíñan, sen argumentos sólidos, os teóricos do nacionalismo galego demostrando unha vez máis que até os conceptos que consideramos máis sólidos poden sufrir dun “erro de paralaxe”.

Esta “saudade biolóxica” modifícase no caso concreto da raza humana para se converter nunha “saudade antropolóxica”, de nostalxia polo tecido social abandonado, pola rede de influencias e amizades. Os individuos residentes presentarían vantaxes en comparanza cos non residentes (errantes, migrantes, exiliados, segundo os casos) pois manterían vivo o seu sistema de relacións (*network*). Os migrantes veríanse así confrontados no intre do retorno coa dificultade para a reintegración na súa rede de contactos e querenzas. Dificultade que medra dun xeito exponencial dependendo de varios vectores como son a duración do período migratorio, as dificultades para o contacto regular coa terra desertada, as frecuencia das visitas secuencias, a persistencia dos parámetros económico sociais que estimularon o fluxo migratorio, tanto a nivel xeral (incluída a clase social e o nivel de formación académica) como individual (circunstancias particulares do nicho familiar/relacional).

Sabemos perfectamente de onde vimos, da vagas sucesivas de emigración masiva que foron drenando o zume (seiva?) da árbore da vida galega. Non sabemos a onde é que imos, pois non só somos menos e máis vellos, senón que unha gran parte de nós prefire non ser identificada como galego. Sentino varias veces aquí en Flandes: colegas do traballo que se senten incomodados se te dirixes a eles en galego, viaxeiros no avión cun forte sotaque que renegan cando te dirixes a eles na lingua común, outros que nunca leran o que escribo e pediran unha tradución ao castelán ... unha pena. Na fin as dúas realidades, os que voan (ou foxen) e os que fican (ou desaparecen) son as dúas caras elas da mesma moeda, a dun país cun futuro incerto.

Precisamos, se cadra, dun lóstrego que ilumine o noso ceo protector, ese de onde vimos, o mesmo que tantas veces parece deitar só auga sobre as nosas cacholas. Cando falo dun lóstrego, por descontado, non falo dunha treboada necesariamente, senón dunha fulguración, de algo que faga mudar de ritmo e pasemos da debilidade (concretada no envellecemento progresivo e na emigración secuencial máis crónica) á afouteza (lugar para experimentar o vigor dos híbridos, das culturas mesturadas e fortes). Se cadra esa fulguración sexa a migración, a chegada de colonos e tamén -se axudamos no empeño- de retornados, para entre todos intentar reconstruír un país que se desangra polos pulsos.

Cada ano, cando chega a primavera en Galiza e aquí, en Flandes, non dá chegado nin á de tres, penso nos ritmos da natureza, na saudade biolóxica que un día sentirei, sen dúbida, por esta terra de acollida e de como nela fun readaptando o meu particular nicho ecolóxico, onde tamén son feliz aínda que os naturais me sintan diferente.